a Movida vigo

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE – MAIO DE 2022

LÉVAME!
VOU CONTIGO



LINGUA INFINDA

AS LETRAS GALEGAS DE HOXE

BARBEIRA SEASON FEST



O gran festival de pequeno formato - do 31 de agosto ao 4 de setembro

LEÓN BENAVENTE

?????????
Concerto Vibra Mahou

ZAHARA

CAROLINA DURANTE

BALA

LA HABITACIÓN ROJA

??????

MAIKA MAKOVSKI

CAPICUA

??????

ANABEL LEE

EMILIA PARDO Y BAZÁN

CORA YAKO

MORREO

DIAMANTE NEGRO

ESTRELLA FUGAZ

MINIÑO

TU PELEAS COMO UNA VACA

MARTA MOVIDAS

SR. JINGLES

HABITACIÓN VUDÚ

EME DJ

DJ MODERNO

SEÑORA DJ

5€ DE DESCONTO
NO TEU ABONO UTILIZANDO
O CÓDIGO AMOVIDA

Organiza: ELEMENTAL, CARMEN

Patrocinadores institucionais: BAIONA, XUNTA DE GALICIA, Xacobeo 21-22

Patrocinadores privados: VIBRA Mahou

Venda de entradas: SEASONFEST.ES

NAVEGA POLA REVISTA INTERACTIVA



SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.





BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...



ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.

SUMARIO

Ilustración de portada: Rubén González

PÁX. 7
XESÚS ALONSO MONTERO

PÁX. 17
NA MORADA DOS COIDADOS

PÁX. 21
UN FESTÍN QUE SABE A MAR

PÁX. 23
UN PANO AO VENTO

PÁX. 25
VIEIROS POR MAR E TERRA

PÁX. 5
EDITORIAL

PÁX. 6
OLLO AO DATO

PÁX. 11
PRIMAVERA INFINDA

PÁX. 12
MÚSICA AO VIVO

PÁX. 13
AS LETRAS GALEGAS DE HOXE

PÁX. 17
DESDE O REFUXIO

PÁX. 19
LOCAIS RECOMENDADOS

PÁX. 27
OUTRAS MOVIDAS

PÁX. 29
DE NOVELA

PÁX. 31
DELEITE LITERARIO

PÁX. 32
A MOVIDIÑA

PÁX. 33
AXENDA DA MOVIDIÑA

PÁX. 35
FARIÑA.
O ESPECTÁCULO TEATRA

PÁX. 36
AS TÚAS MOVIDAS

Se queres recibir a revista na casa, subscríbete na web: amovida.gal/subscricion-revista

Revista A Movida | Volume 5 (4), maio de 2022

Edición: Tamara Novoa | **Redacción:** Paula Cermeño, Manuel Forcadela, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Ernesto Is, Antía Monteagudo, Lourdes Tomé, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Felipe Carnotto, Paula Cermeño, Pablo Vázquez | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Tatiana Rodríguez e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movida Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuíto. Prohibida a súa venda

@amovidavigo | amovida.gal

A Movida non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.

EDITORIAL

Nun paseo pola historia da cidade, hai tres anos que **Pedro Feijoo** contaba nestas páxinas que *Cantares gallegos* saíu do prelo nunha data posterior ao 17 de maio de 1863, cuxo centenario se estableceu como o primeiro Día das Letras Galegas, dedicado daquela a **Rosalía de Castro** e desta a **Florencio Delgado Gurriagán.** Aínda por riba, o devandito escritor constataba que o establecemento tipográfico de **Juan Compañel,** aquel que imprimiu os cantares rosalianos, non foi o do número 12 da rúa Real ante o que nos gusta facer unha parada para lembrar a efixie da poeta cando nos dá por camiñar o Vigo vello. Podemos coñecer máis da figura de Compañel grazas ao traballo do historiador **Xurxo Martínez González,** outro amigo desta revista, que vén de vivir en primeira fila o descubrimento do rostro do editor e impresor da man de **José Luis Mateo Álvarez,** membro do Instituto de Estudos Vigueses, que atopou o único retrato que consta desta figura que acabou sendo clave para as nosas letras. Oxalá un día se descubra a auténtica data da publicación de *Cantares,* pero sabemos que no fondo iso é o de menos, pois a lingua non é cousa dun día: mentres moitos medios castelanfalantes locen unha fachada vestida de galego durante unha xornada de maio, nós preferimos defender o idioma cada vez que saímos á rúa: **A CARA DESCUBERTA.**

OLLO AO DATO

SON DA CIDADE é o título do libro escrito polo noso compañeiro **Pablo Vázquez** e ilustrado por **Denis Carballás** que acaba de saír do prelo, onde se fai un repaso ás dúas últimas décadas da música viguesa.

XXXX FESTA DOS MAIOS da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo. Para celebrar as corenta edicións, os festexos deste ano duran dous días: sábado 7 e domingo 8.

EFEMÉRIDE

Os **Simple Minds** viñeron festexar connosco as vodas de prata co primeiro concerto que esta banda escocesa deu en Galicia, foi no pavillón das Travesas o 27 de maio de 1992; trinta anos dunha data memorable.

PINT OF SCIENCE ten como obxectivo ofrecer encontros sobre as últimas investigacións científicas en bares de todo o mundo. A sede viguesa desta edición é o espazo gastronómico Cañaveral (Porta do Sol, 6), do luns 9 ao mércores 11; tres xornadas verbo do corpo humano, a felicidade no traballo e os produtos do mar nun plan con moi boa pinta.

O FOLK DA BISBARRA CELEBRA ANIVERSARIOS. Xa van máis de 20 anos da orquestra viguesa **SonDeSeu** (2001) e máis de 30 da agrupación redondelá **Treixadura** (1990), mais é este mes cando se dispoñen a conmemorar tales cifras: o xoves 12 os de Vigo e o sábado 21 os de Redondela soben ao escenario do Teatro Afundación.

Filólogo e historiador da literatura galega

Xesús Alonso Montero

«TEMOS QUE CONSEGUIR QUE O GALEGO SEXA A LINGUA DAS CLASES ACOMODADAS»

TEXTO: TAMARA NOVOA FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

XESÚS ALONSO MONTERO *(Vigo, 1928) recíbenos na súa casa do centro da cidade. Viste un xersei vermello e agarda por nós canda a súa familia «escollida» nos andeis:* ***Castelao, Rosalía, Machado, Marx*** *ou o* ***Che.*** *Cunha axilidade mental envexable, responde ás nosas preguntas nun uso da lingua galega tan erudito como próximo.*

Vostede definiuse como neofalante ao empezar a falar en galego aos 9 anos, cando se trasladou de Vigo a Ribadavia. Cando e como pasou a ser o galego o idioma de seu?

Eu nacín circunstancialmente nunha taberna aquí, en Vigo. Meus pais eran galegofalantes, pero seguindo as normas non escritas que había nesta cidade: dirixíanse a nós en castelán, ou en algo que parecía castelán. Nós percibiamos que a lingua que había que falar para ter un futuro era o castelán. Isto foi así ata que fixen os 9 anos, cando nos trasladamos a Ventosela, unha parroquia de Ribadavia. Nos primeiros días alí, eu falaba en castelán ou nun galego con moitos castelanismos. Recordo ir xogar con varios compañeiros do meu tempo e un deles reprimíame moi severamente; dicíame: «Ti falas coma nós», o que quería dicir: falas coma nós porque andas en zocos como nós, co pantalón remendado coma nós, e traballas no campo coma nós; non es fillo dun médico ou dun farmacéutico, eles si que poden falar o castelán. E eu fixen un curso acelerado de galego porque non acababa de entrar no grupo social que me interesaba. Quizais aí naceu a miña inclinación pola sociolingüística.

En *Informe dramático sobre lengua gallega* (1973) dicía que a nosa era a lingua dos pobres. Pensa que aínda é así?

Feliz e desgraciadamente, o galego é lingua de militantes. E iso está ben e está mal. Se vostede quere coñecer a situación do idioma, colla o autobús ou vaia ás cafeterías de Vigo: xente que non é precisamente millonaria, moita chega xustiña a fin de mes, falando en castelán.

«Feliz
e desgraciadamente,
o galego é lingua
de militantes»

Nese mesmo informe dicía que ao galego lle quedaban 40 anos. Xa pasou ese tempo, que vida lle depara agora?
Vai depender do que aconteza nestes próximos anos na política. Non chega con que os simpatizantes da lingua o 17 de maio digan «falade galego». As novas xeracións teñen que atoparse cunha sociedade na que as clases acomodadas e instruídas falen en galego. Na Xunta de Galicia tería que haber políticos comprometidos coa causa lingüística; xa non digo os do Bloque Nacionalista Galego, eles incluídos, pero terían que ser máis prudentes.

Como conseguimos que esa xente acomodada se decante polo galego?
Necesitamos unha clase política comprometida coa causa, que se aproveite do coñecemento que teñen hoxe en día os rapaces do galego. Hoxe hai rapaces vascos que ligan en vasco e iso fíxoo a política, porque desde as primeiras eleccións democráticas en 1977 a hoxe gobernou sempre o Partido Nacionalista Vasco, do que eu non son admirador. Cando vou ao País Vasco, falo con fillos de emigrantes e eles falan o vasco, porque saben que iso dálles consideración alí, emiten signos favorables polo vasco e iso creárono os políticos.

Se non me equivoco, en 1958 descubriu o marxismo e máis tarde pasaría a militar no Partido Comunista de España. Defínese hoxe como comunista?
Eu non son comunista, pois son un señorito privilexiado. O comunismo é a entrega do ben común á comunidade. Eu sei canto hai de individualismo de egoísmo en min, incluso de interese por cousas que non son comunistas. Entón eu, con todas esas deficiencias, non podo dicir que sexa comunista. Pero como son novo, gustaríame ser comunista cando medre, porque é o estado de perfección.

«Stalin foi un tipo brutal, pero non máis que os que invadiron Vietnam»

Pero o sistema non funcionou nos países en que se instaurou o comunismo.
Funcionou máis do que a xente cre. O comunismo xa empeza a fracasar cando se impón en Rusia, en 1917, coa revolución de **Lenin.** O mundo capitalista, que era o resto do mundo naquel momento, estaba bloqueando a causa comunista. **Iósif Stalin** foi un tipo brutal, pero non máis que os presidentes dos Estados Unidos que fixeron unha guerra en Vietnam, un país que está moi lonxe de América, levando napalm contra xente que disparaba con frechas. Os Estados Unidos parece que sexan o paradigma da democracia, pero en realidade son o paradigma da crueldade. Haberá unha crueldade máis grande que o bloqueo que padeceu Cuba? O comunismo viuse flanqueado, acosado, asediado polo capitalismo e sobre todo polo capitalismo estadounidense. Eu estou en contra dese mundo de ricos que goberna os pobres, está claro.

De ter que escoller, definiríase antes como comunista ou como galeguista?
Son un comunista que vive en Galicia.

Como foi o paso pola presidencia da Real Academia Galega?
Méndez Ferrín dimitiu e déronse certas circunstancias que fixeron que algunhas persoas pensasen en min. E eu aceptei por sentido do deber, pero facendo un esforzo grande. Nalgún momento pasamos por situacións complicadas; e pensei en dimitir, pero non o fixen por unha cuestión cívica. Púidose chegar ata a desaparición da Academia, que é a

institución que vela pola lingua, pola cultura galega… Pensei que se eu podía representar esa pequena utilidade debería aguantar os catro anos de lexislatura.

A relación que ten vostede co nacionalismo é controvertida. Non sería útil que, pese as diferenzas ideolóxicas, se puidese traballar de maneira conxunta en favor de causas como a lingüística?
Cando Esquerda Unida foi nas listas con xente que acababa de saír do Bloque que lideraba **Xosé Manuel Beiras,** eu apoiei a iniciativa con moito entusiasmo. Pareceume unha boa experiencia e tivo un éxito electoral enorme. O que pasa é que eu teño un concepto social da lingua diferente ao deles; porque ao final do franquismo eu digo que hai que ir cara a unha sociedade na que non desapareza o castelán, que ademais é un instrumento que serve para viaxar polo mundo. O que temos que conseguir é que o galego se converta na lingua de instalación, que é aquela na que un lle fai a declaración de amor á moza e na que un se caga en Dios. Creo que eu tiña unha concepción menos sectaria, máis asumible para a sociedade que non estaba neste debate.

Acaba de publicar unha antoloxía poética de Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano.
Era un poeta patriótico, ligado ao Partido Galeguista, moi comprometido coa lingua, pero eu prefiro definilo como poeta «matriótico», porque era un poeta que escribía das paisaxes, dos viñedos de Valdeorras, da xente de alí. É o mellor exemplo do hilozoísmo en Galicia. En plena República, é o único poeta sociolingüista que hai aquí, con textos contra os que falan en castelán mentres desdeñan o galego. É un poeta moi da terra, coñece moi ben a tradición oral, a cultura popular, o folclore… No franquismo, proxecta a faceta de poeta político contra a ditadura, a Falanxe e a xerarquía católica. Nel reúnense varias facetas, é unha musa plural e interesante.

Cos 93 anos que ten, nunca lle faltan as ganas de escribir?
E que faría se non? Hai un momento en que o ser humano deixa de proxectar: é a vellez. Eu hai tempo que o sabía, porque levo tempo sendo vello, pero aos 80 e aos 85 anos eu sentíame ben e aínda proxectaba. Pero cando o 23 de setembro de 2018 morreu a miña muller, **Victoria,** quizais tiven máis tempo que nunca para pensar. Eu o que fago agora é ter proxectiños pequenos, senón o fastío sería tremendo; cando as persoas se senten inútiles, poden decidir non colaborar coa vida.

STREET PHOTO

FELIPE CARNOTTO

Fotógrafo documental

PRIMAVERA INFINDA

Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
Galicia é infinda!

Florencio Delgado Gurriarán

MÚSICA AO VIVO

SALA DOPPLER
Rúa de Martín Códax, 21

NICO MISERIA
SÁBADO 7 // 21:30 H // 12,00 € / 16,00 €

Foto: Mariona Battle Media

Presenta *Tercer Verano del Amor,* xunto a invitados moi especiais como Salvia AKA Miss Smoke Alot e Mon.

MOLOTOV
Travesía de Santiago de Vigo, 1

KAMIKAZES ǂ FREE CITY
SÁBADO 21 // 20:00 H

Foto: Daniel Cruz / @daniel_cruz_foto

Foto: Ana Costales / @anacostalesphoto

Estas dúas bandas de *punk rock* únense nunha xira na que están presentando os discos *Fuego Polar,* dos madrileños Kamikazes, e *Visiones* dos vallisoletanos Free City.

JOHN POLLÖN
SÁBADO 7 // 21.00 H

THE MIRROR x RHEIAGOREKI
VENRES 13 // 21:00 H

ESQUIO SEASSON PANTIS
+ LUME + GARZA
XOVES 19 // 20:30 H

OVERDOSE CLUB - LEÏTI SÈNE
x LA ETERNA x KAIXO
VENRES 20 // 00.00 H

OG CALE ǂ RETRO 1312
VENRES 27 // 21:30 H

VIGO DUB CLUB
SÁBADO 28 // 23:30 H

SALA KOMINSKY
Rúa de Irmandiños, 3

RUB A DUB
SÁBADO 7 // 23:00 H // 5,00 €

SESIÓN H.A.L.O CON
LOS SARA FONTAN DESDE
BARCELONA + FRITANGA
SESSION CON L.A.R. LEGIDO
XOVES 12 // 21:30 H // 4,00 €

KELTOI
SÁBADO 21 // 21.30 H // 8,00 €

SALA REBULLÓN
Av. do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

THE BLACK TUFF BAND ǂ XIS
CONNECTION + TANDUB
SÁBADO 7 // 21:00 H
8,00 € / 10,00 €

SESIÓN VERMÚ CON GARZA
+ XAN PÉREZ
DOEN + DELEIBA
SÁBADO 14 // 13:00 E 20:00 H
10,00 € / 12,00 €

V ANIVERSARIO
DA SALA REBULLÓN:
SESIÓN VERMÚ THE TURRE'S
BAND
FANFARRIA TAKICARDIA
+ LA QUINKILLADA
+ BRIGADA SOUND
SÁBADO 21 // 13:00 E 17:00 H
GRATIS

VITRUVIA
Praza de Compostela, 5

ANTONIO BRAVO ǂ JACOBO
DE MIGUEL
XOVES 19 // 21:00 H // 12,00 €

ABE RÁBADE ǂ RALE MICIC
MÉRCORES 25 // 21:00 H
15,00 €

As letras galegas de hoxe

TEXTO: ANTÍA MONTEAGUDO

O 17 DE MAIO celébrase o Día das Letras Galegas, que este ano 2022 lle rende homenaxe ao poeta valdeorrés **Florencio Manuel Delgado Gurriarán.** Ata este momento, o autor era unha figura bastante descoñecida para o lectorado galego, talvez porque a maior parte da súa obra se escribiu no exilio, con todos os problemas de recepción que isto supuña nunha Galicia baixo a ditadura franquista. Para homenaxear ao poeta do viño, do hibridismo mexicano-galego e a un home que defendeu incansablemente a nosa cultura mediante iniciativas como a revista *Vieiros,* son varias as biografías e estudos que se fixeron nos primeiros meses deste ano da man de editoriais como Galaxia, Xerais ou Ir Indo. Entre as achegas máis importantes están a reedición dos tres poemarios do autor, que permanecían sen existencias, e o lanzamento da *Antoloxía poética,* editada por **Débora Álvarez** e **Margarita Pizcueta.** Esta pode ser unha boa forma de achegarse por primeira vez ao escritor, mentres que para profundar máis no seu traballo resulta fundamental a lectura do ensaio *Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista,* de **Ricardo Gurriarán.** Con esta homenaxe preténdese pór en valor o intenso labor que realizaron os artistas exiliados desde a distancia e darlles o espazo que merecen dentro do ámbito das nosas letras.

Por sorte, as condicións en que publican os poetas na actualidade son moito máis favorables e podemos dicir que a nosa poesía goza de boa saúde. **Maribel Tato,** dona da Libraría Cartabón (Urzáiz, 125), fala dun momento espectacular, xa non só para autores consagrados senón tamén para as novas voces que comezan. Salienta que hai un círculo moi activo arredor da poesía e un lectorado moi comprometido, o que para un pequeno comercio como o seu se traduce nunha facturación dun 5 % ou 10 % do total, superando incluso ás vendas de ensaio. Nos andeis da súa tenda podemos atopar algunhas das obras publicadas polas poetas

máis recoñecidas da actualidade: *Antese,* de **Arancha Nogueira,** Premio Victoriano Taibo 2021; *A lista da compra,* de **María Comesaña Besteiros;** *Deriva,* de **Regina Touceda;** ou *Atlas,* de **Alba Cid,** que se fixo co premio estatal de poesía nova Miguel Hernández 2019. Xunto a elas vanse facendo un oco voces aínda máis novas, ás que podemos coñecer a través de publicacións como *21 poetas do século xxi,* unha antoloxía a cargo de **Carlos da Aira,** que reúne vinte e unha poetas de 21 anos ou menos, todas nacidas xa nesta centuria. Entre eles, están autores como **Nee Barros,** que xa acadara certa fama como *youtuber* e tamén coa obra de teatro *Identidade. A normalidade do non-común* (Galaxia, 2021). Pero tamén podemos descubrir novas propostas como as das viguesas **Isolda Comesaña** e **Sara Faro,** cuxos versos permanecían inéditos ata o momento.

Desde Cartabón comentan tamén que este auxe poético veu da man de novas plataformas que conseguiron achegarse ao lectorado. Por un lado temos o nacemento de proxectos editoriais centrados principalmente en poesía e que buscan afastarse dos selos máis tradicionais mediante unha filosofía colaborativa e de autoxestión. Un exemplo disto é Sauro Buks, que se define como «impulsora de proxectos e edicións» e que xunta o poético co visual con subseccións como Sauro Crafts ou Sauro Arts. Tamén destaca Urutau, que a través das súas sedes en Brasil, Galicia e Portugal busca aproximar estes tres contextos literarios. Con selo vigués temos Malafera, autoxestionada e creada pola autora, música e filóloga **Branca Trigo** e polo filólogo e *streamer* **Alfredo Vázquez.** O seu obxectivo é buscar voces novas e temáticas para a nosa literatura e a miúdo realizan recitais, presentacións de libros, feiras ou buscan colaboradores para os *fanzines* que editan. Na web pódense mercar, entre outros, o libro *Coñecemento do medo,* que conta con deseños do artista plástico **Ramón Trigo.** Da man da tamén creadora e filóloga viguesa **Vanessa Glemsel** apareceu Edicións e Producións Fetiche, que «nace das marxes para dar visibilidade a proxectos singulares e diverxentes» e no que atopamos propostas como *Little Babilonia,* unha publicación bilingüe asturiano-galega.

Por outro lado, cómpre falar do indispensable papel que cumpren as redes á hora de difundir novas voces e crear comunidade. Mergullándonos nelas, atopamos contas de Instagram como as de @hipogrifoviolento, @xixirei ou colectivos como o de @guisomoeu, onde os versos conviven en igualdade de condicións con fotografías, tipografías artesanais ou colaxes. Tamén cunha intensa actividade en Internet destaca Leite Edicións, que se describe como «produto galego, vegano e de primeira necesidade» e que, a pesar de aglutinar diferentes voces poéticas arredor de si, as súas creadoras resístense a ser consideradas unha editorial. Ao longo de 2021 idearon o reto #escritaleiteira21 e tamén dúas *apps* para Android —Leite Edicións e Cadernos Morenos— nas que podemos desde consultar o seu catálogo ata ou crear os nosos propios poemas ou facer tests para adiviñar que tipo de poeta somos.

Está claro que a crise do coronavirus botou por terra moitos dos proxectos poéticos que existían ou que se estaban forxando en Galicia. Isto fixo que festivais consolidados como o da Poesía do Condado se cancelasen nas últimas edicións e que outros resistisen con limitación presencial ou trasladándose ao formato virtual. Non obstante, o relaxamento das medidas restritivas, xunto coa proliferación de proxectos diversos, permiten albiscar un panorama esperanzador que demostra que a poesía galega continúa a revitalizarse con numerosas voces.

Fran Alonso

Xerais

Define a filosofía da túa editorial.
Unha editorial xeralista que naceu coa vocación de ser un instrumento de normalización e acabou converténdose nun motor de modernización e dinamización cultural. Un referente ineludible.

Un libro e un autor imprescindible da túa editorial.
Se teño que nomear un só, é o primeiro que publicou a editorial: *Matemáticas de 1º de BUP,* do **Colectivo Vacaloura.**

Un libro e un autor que che guste doutra editorial de Vigo.
Estamos seguros de que hai excelentes libros e firmas doutras editoras que sería fantástico ter no noso catálogo; pero estamos plenamente satisfeitos coas nosas obras e a nosa nómina autoral.

Unha novidade recente ou inminente.
Lingua, poder e adolescencia, de **Miguel R. Carnota;** analiza as causas do preocupante descenso do uso e coñecemento da lingua galega na adolescencia.

Un libro alleo á propia editorial que leses hai pouco.
Que hostia din os rumosoros?, do colectivo **Rompente** (Editorial Elvira).

Para ti, a literatura é...
Unha ollada sobre a vida, pasada pola peneira da creatividade humana.

Francisco Castro

Editorial Galaxia

Define a filosofía da túa editorial.
Galaxia ten a mesma filosofía desde o ano de fundación, 1950, que é a defensa da lingua e da cultura galega.

Un libro e un autor imprescindible da túa editorial.
Calquera obra de **Castelao.**

Un libro e un autor que che guste doutra editorial de Vigo.
Pedro Feijoo, de Xerais. Calquera libro del está entre os meus favoritos.

Unha novidade recente ou inminente.
O debut literario de **Cristina Pato,** unha novela marabillosa que se titula *No día do seu enterro.*

Un libro alleo á propia editorial que leses hai pouco.
Ensayo sobre el mal dormir, de **David Jiménez Torres** (Libros del Asteroide), que ademais é o fillo de **Federico Jiménez Losantos;** hai que amolarse!

Para ti, a literatura é...
Unha forma de vida.

Isidro Dozo

Catro Ventos Editora

Define a filosofía da túa editorial.
Dedicámonos á publicación de obras en galego sobre o consumo sostible, a crianza alternativa, os dereitos humanos, a ecoloxía e a economía social.

Un libro e un autor imprescindible da túa editorial.
Como todos son imprescindibles, citarei o máis recente: *Infocracia,* de **Byung-Chul Han.**

Un libro e un autor que che guste doutra editorial de Vigo.
Fago trampa e recomendo de Retranca Editora, que é de Pontevedra, con dous autores de Vigo: *Subnormal,* de **Fernando Llor** e **Miguel Porto.**

Unha novidade recente ou inminente.
En nada teremos unha ecoedición ampliada de *Alén do azul. O mundo submarino da ría de Vigo,* unha obra de **Sara Carrasco** e **Silvia Iglesias,** que recrea paisaxes e personaxes do fondo mariño.

Un libro alleo á propia editorial que leses hai pouco.
Los grandes espacios, de **Catherine Meurisse** (Impedimenta). Unha obra que reflexiona sobre a conexión entre a vitalidade do campo e a creatividade artística e intelectual.

Para ti, a literatura é...
Un espazo-idea para medrar e gozar daquilo que nos fai mais humanos.

Javier Romero

Editorial Elvira

Define a filosofía da túa editorial.
Independente, con criterio propio, identificada coa contorna máis próxima, coidadosa coas edicións. Sempre coa consciencia de que a cultura nace na rúa, onda a xente.

Un libro e un autor imprescindible da túa editorial.
Évame, de **Carlos Oroza.** Sen dúbida, debémoslle estar hoxe aquí.

Un libro e un autor que che guste doutra editorial de Vigo.
Infamia, de **Ledicia Costas** (Xerais).

Unha novidade recente ou inminente.
En breve verá a luz un traballo de poesía de **Antonio García Teijeiro,** que ademais contará cunha parte sonora na que colaboran **Paco Ibáñez** e **Alberto Cunha,** contando ademais coa reprodución dunhas fantásticas pinturas que mestre **Xulio García Rivas** asina para a ocasión.

Un libro alleo á propia editorial que leses hai pouco.
Zona a defender, de **Manuel Rivas** (Xerais).

Para ti, a literatura é...
Unha compañeira de viaxe irrenunciable, a mellor ferramenta para seguir camiñando.

TEXTO E FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

NA MORADA DOS COIDADOS

Ana, Fedra e **Majo** teñen moito en común: as tres son abandeiradas do feminismo cun sorriso perenne na cara, cousas que aplican ao proxecto denominado **A MORADA.** A idea inicial desta iniciativa era crear unha rede de apoio para mulleres coidadoras cuxa vida social se resente. Hai un mes, ao abriren, aquel pequeno xermolo deu nun gran patio de veciñas moi diversas: mulleres coidadoras e coidadas, mulleres con diversidade funcional, mulleres que querían aprender algo novo, mulleres con coñecemento para

➜

DESDE O REFUXIO

IRENE GARRIDO PATÓN
Experta en redes sociais



WILLY

Rescue Galicia
653 34 85 73 | rescuegalicia@gmail.com
rescuegalicia

Esta cadela é moi activa e enérxica. É noviña e ten moitísimo potencial; se se lle dedica un tempo, será unha compañeira digna dun dez. Ten un olfacto envexable que a fai atopar calquera lambetada por moi agochada que estea. Lévase moi ben con outros cans e responde aos aloumiños cunha chea de bicos.

compartir e mulleres ás que lles presta tomar café en compañía na terraza ou no interior. Este é un espazo de lecer centrado nos coidados: aquí ofrécese un servizo de asesoramento para persoas en situación de vulnerabilidade, pero tamén actividades formativas abertas ao público e obradoiros regulares e puntuais que podedes consultar na web.

No mesmo espazo atopamos a cociña de **OUTRO CONTO,** o proxecto de **Alba** e **Isaac** que, malia as súas curtas idades, teñen as cousas moi claras: ela é unha auténtica activista contra a gordofobia e a cultura de dieta, e propón un xeito de alimentarnos «sen restricións e rexeitamento do propio corpo»; edita un *fanzine* mensual e difunde nas redes sociais unha relación positiva e consciente coa comida. Para desfrutar dos menús saudables que aquí se ofrecen, é posible encargalos ata o xoves da semana anterior e recibilos a domicilio, achegarse a recollelos ou ben degustalos no mesmo local.

As estancias desta morada son infinitas, e medrarán así como as cooperativistas detecten necesidades na comunidade ou se vaian creando vencellos con outros colectivos. Un proxecto que nunca estará completo, pois sempre haberá espazo para unha máis.

Enderezo postal:
Rúa de Enrique Macías, 6

Teléfono:
613 03 15 69

Webs:
amoradacooperativa.com
outroconto.com

Enderezo electrónico:
ola@amoradacooperativa.com

amoradacooperativa
outrocontovigo

TEXTO E FOTOS: PAULA CERMEÑO



#LETRASGALEGAS2022

EDITORIAL GALAXIA

www.editorialgalaxia.gal

LOCAIS RECOMENDADOS

1. **A TAPA DO BARRIL** *López Mora, 63 e Porta do Sol, 4*
2. **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
3. **ALTA FIDELIDAD** *Praza da Constitución, 12*
4. **AREPAS DA RÍA** *Martín Echegaray, 22*
5. **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
6. **BARUTA** *García Barbón, 37*
7. **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
8. **EL MONO VINTAGE BAR** *Velázquez Moreno, 37*
9. **EL TRIGAL, PANADERÍA** *Alexandre Bóveda, 1 e **A Sede do Celta:** Príncipe, 44*
10. **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
11. **ÍCARO, PUB** *Pintor Colmeiro, 3*
12. **LA TITA RIVERA** *Praza de Compostela, 17*
13. **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Marqués de Valadares, 22*
14. **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
15. **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
16. **MERCADO DE TEIS** *Toural de Abaixo, s/n*
17. **MOLOTOV** *Santiago de Vigo, 1*
18. **NIKIS GALICIA STYLE** *Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8*
19. **NÓS - CERVEXERÍA** *Palma, 3 e Fisterra, 1*
20. **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
21. **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
22. **ROUGE** *Pontevedra, 4*
23. **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
24. **SARA GARCÍA PELUQART** *Couto Piñeiro, 2*
25. **SAVIA YOGA** *Bolivia, 20*
26. **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
27. **TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
28. **THE MONK PUB** *Uruguai, 28*
29. **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
30. **VITTER, BAR DE COCKTAILS** *Afonso XIII, 32*
31. **WOODTOWN** *Camelias, 20*

UN FESTÍN QUE SABE A MAR

TEXTO E FOTOS: PAULA CERMEÑO

Dos bares tradicionais aos mellores restaurantes da cidade, a nosa hostalería implícase en ofrecer o mellor das rías atlánticas, sabendo que o peixe e o marisco son os caprichos máis demandados para as grandes celebracións. Para evitar que a festa acabe nun chasco, cómpre ter de man unha listaxe deses locais que nunca fallan.

Na zona centro atopamos dous dos máis coñecidos: **CASA MARCO,** irmán do restaurante **FOLLAS NOVAS,** ofrece unha das cociñas con máis garantía de calidade en Vigo. Os arroces secos e o peixe sapo á prancha non defraudan. Na mesma área e cun aire máis informal está o **BAR PUERTO,** unha tasca clásica frecuentada polos traballadores do porto, que cambiou de local hai uns anos, modernizando a estética sen renunciar ao que lle deu a fama: o peixe fresco, o marisco cociñado ao xeito tradicional e unha empanada de chocos que sempre é o primeiro en acabarse. Os que gozan de comer nunha boa terraza poden dirixirse na Praza de Compostela ao exterior do restaurante **O REI PESCADOR** e pedir con confianza calquera prato de aire mariñeiro. Na zona vella alóxase un clásico entre os clásicos: **EL MOSQUITO,** restaurante que presume de ser o preferido de persoeiros como **Cunqueiro** e **Torrente Ballester;** por alí tamén está **A PEDRA,** un bar talvez con menos sona, pero con moi boa relación entre calidade e prezo, lugar estupendo para degustar diferentes petiscos que contan historias do vento mareiro.

BITADORNA, CALIDADE ASEGURADA

Capitaneada pola *chef* **Chus Castro,** esta marisquería está avalada pola Guía Repsol e 13 anos de historia e é das máis asentadas na cidade. Esta xefa de cociña resalta a calidade da materia prima, reclamo principal deste restaurante, que conta con viveiros propios en Vigo e na Guarda, traballando unicamente con alimentos de proximidade e no que a langosta é o prato estrela.

As preparacións son as propias da cociña tradicional galega para este tipo de produtos, nas que prima a sinxeleza para non enmascarar a materia prima, que é excelente. Con todo, Chus Castro non se priva de aportar toques creativos; da súa experiencia nacen algúns dos pratos insignia do restaurante, como as nécoras recheas, un manxar que se come con culler e que goza de moita popularidade entre a clientela habitual.

Bitadorna ten un xeito peculiar de organizar a carta ao longo do ano. Ademais das opcións permanentes e as propostas do día, propón diferentes xornadas gastronómicas segundo os produtos de temporada, ofrecendo ata 15 preparacións diferentes do produto combinando receitas creativas e tradicionais. A partir de setembro enfócanse á caza maior e á menor. A comezos de ano é o momento das

angulas e da lamprea. Pero, o produto estrela é o lumbrigante e a lagosta vermella da costa da Guarda, máis saborosa que a branca ao vivir en augas menos profundas e máis soleadas e tamén por alimentarse de crustáceos e moluscos que atopa nas rochas. Estamos nun templo para os devotos deste manxar, onde se organizan anualmente xornadas de exaltación e degustación que se estenden durante todo o verán, época de captura dos mellores exemplares. Mención á parte para o medallón de lagosta con iogur e alfabaca, merecedor da medalla Dagda ao mellor prato do ano pola Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo (AGAXET) e a revista especializada en hostalería galega e turismo HG&T.

Xa na sobremesa, o restaurante defínese como obradoiro artesán do que saen marabillas como a crema de tetilla con tella de noces ou o xeado caseiro de turrón con caramelo de augardente. Algo salientable é que a maioría son sen glute e tamén podemos pedir que o pan e as bebidas non o leven.

Para comer en Bitadorna é necesario reservar con antelación a través do teléfono. No momento da reserva poderemos indicar se desexamos algunha preparación en concreto, especialmente en tempo de lamprea e angulas (primavera), lagosta (verán) e carnes de caza (outono). Tamén é posible encargar un menú degustación á medida ao gusto de cadaquén. Mil primaveras máis para a gastronomía galega.

Rúa do Ecuador, 56 (Vigo) e rúa do Porto, 30 (A Guarda)
986 13 69 51 (Vigo) - 986 61 19 70 (A Guarda)
bitadorna.com | restaurantes_bitadorna



XERAIS
PREMIOS XERAIS 2021

ESTELA GÓMEZ
Correctora literaria
e redactora de contidos

UN PANO AO VENTO

A rixidez da escola non era o modelo baixo o que **Xiana Cobo,** a máis nova de tres irmás de Ortigueira, se quería formar. Desde pequena interesouse pola arte, pouco recoñecida no currículo escolar; por sorte, a casa —grazas á afección polo debuxo de súa nai e á querenza por copiar debuxos dalgúns libros infantís ilustrados— foi para ela un oasis no que aprender, crear e deixar voar a imaxinación.

Tras estudar Historia da Arte e Deseño de Moda, traballou para unha gran compañía de moda. Foi en 2017, dous anos despois de ser nai, cando as prioridades se lle reordenaron e decidiu emprender creando unha firma con nome propio: **XIANA COBO.** A creación vai da man da persoa, evolucionando con ela e ampliando horizontes e coñecementos en ilustración e estampaxe téxtil. No comezo desta andaina, decidiu afiliarse ao colectivo de Artesanía de Galicia, que supón un gran apoio para as marcas pequenas no mundo artesanal, e así empezou a deseñar e estampar pezas de seu.

No catálogo atopamos cousas coma os panos de seda estampados, ideais para un maio de flores cuberto. As flores, como as do pano Hortensia; os motivos vexetais, dentro dun vaso no pano Still Life; ou os deseños máis clásicos, como o do pano Marcela, e ata o mesmo Sol nos adornarán o pescozo ou mesmo servirán para cubrir a cabeza nos días solleiros que se achegan. Podemos animar o *look* cuns brincos Garbo, realizados en cerámica.

Non hai que perderlle a pista a esta artesá, porque axiña ha levar a ilustración e a estampa téxtil a outro nivel nivel con novos modelos de panos, colaboracións de xoiería e ata un *kit* para estampar por nós mesmos panos e outras pezas sen saírmos da casa. Así e todo, para aqueles que prefiran aprender estampaxe téxtil nunha contorna creativa, Xiana organiza talleres presenciais que irá anunciando na conta de Instagram @xianacobo.

Esta primavera podémonos vestir con flores. Na web xianacobo.com atopamos todos os deseños para saír á rúa co pano ao vento, unha bandeira branca a prol do comercio local e da artesanía a pequena escala.

vialia
ESTACIÓN DE VIGO

VIVE EL DEPORTE EN VIVO EN VIALIA

fútbol baloncesto tenis fórmula 1

y mucho más...



VIEIROS POR TERRA E MAR

TEXTO: PABLO VÁZQUEZ

A estas alturas do ano, non é mal momento para ir planificando algunha que outra escapada. Tampouco é preciso ir moi lonxe para gozar dalgunhas actividades diferentes ás habituais, como pilotar unha moto de auga pola Ría de Pontevedra ou facer o Camiño de Santiago a cabalo. Velaquí dous plans dos que tomar boa nota.

JET & BIKE: A LEI DA RÍA

Se hai un lugar por excelencia en Galicia con ambiente de puro verán, ese é Sanxenxo. A vila pontevedresa ofrece todo tipo de opcións para o lecer, especialmente se o plan está relacionado coa auga. Diso saben ben nesta empresa náutica especializada no mundo das motos acuáticas. A grande oferta de alugueiro e venda deste tipo de vehículos convértenos nun referente no país. Os servizos van máis aló do comercio, pois ofrecen invernaxe e reparación de embarcacións e asistencia no mar, cubrindo todo o espectro de necesidades posible no campo das motos de auga. Tamén podemos escoller entre a pilotaxe libre ou unha ruta guiada. Desde a empresa recomendan esta última, pois é a máis segura para o cliente e é un xeito de descubrir os encantos da ría da man de guías preparados.

Os plans de ocio continúan fóra da auga, pois tamén son concesionario oficial de *buggies, quads* Can-Am Spyder, cos que chegar a lugares tan atractivos como A Toxa. Por se non fose abondo, coas experiencias Living Galicia ofrécense paquetes para días enteiros e fins de semana. Plans que poden incluír rutas en diferentes vehículos por terra e mar. Os destinos tamén son ben variados: Fisterra, Ourense, O Salnés, Santiago de Compostela ou Portugal.

Porto deportivo Xoán Carlos I (Sanxenxo)
610 14 79 43 - 986 55 16 38 | jetandbike.com
info@jetandbike.es | jetandbike

CAMINO DE SANTIAGO A CABALLO: GALOPANDO CEIBE

Agora que a chuvia debería ir dando tregua, outra das opcións para gozar da natureza do país é facer o Camiño de Santiago. Pode ser a pé, en bicicleta… ou a cabalo. O nome da empresa que dirixe **Lorena Martínez** non deixa moito lugar a dúbidas. Ao longo de todo o ano —aínda que se recomenda facelo entre marzo e outubro, pola climatoloxía e as horas de luz— , ofértanse aquí diversas rutas que desembocan na Praza do Obradoiro. Imaxinemos a sensación: despois de percorrer quilómetros e quilómetros, entrar ao

lombo dun fermoso cabalo na zona cero de Compostela, presidida pola Catedral.

Como é ben sabido, non hai un único Camiño. Vieiros temos para repartir, e calquera das rutas pode facerse cabalgando: o Camiño de Fisterra e Muxía; o Camiño de Inverno; o Camiño do Norte, ruta da costa e ruta do interior; o Camiño Francés; o Camiño Inglés; o Camiño Mozárabe ou Vía da Prata; o Camiño Portugués, ruta da costa e do interior… O creador desta iniciativa, **Jesús Muíños,** desenvolveu unha nova vía á que bautizou como a Ruta do Mar, que continúa o Camiño Portugués da costa polas rías de Pontevedra e de Arousa: Sanxenxo, A Toxa, Cambados, Catoira… Para Lorena, facer a cabalo a Ruta da Auga e mais a da Pedra, en Meis, é unha sensación de máxima tranquilidade, algo que non ten prezo. Todos os servizos inclúen pensión completa, aloxamento, traslados, vehículo de apoio, guía e demais cuestións loxísticas para que só precisemos unha pouca experiencia cabalar e ganas de trote.

Caminos Galicia Caritel, 2 (Ponte Caldelas)
639 50 38 15 | caminosantiagoacaballo.com
caminosgalicia@hotmail.com
caminosantiagoacaballo

PATROCINADORES INSTITUCIONALES
PATROCINA
MEDIOS OFICIALES
VEHÍCULO OFICIAL
PRODUCE Y ORGANIZA
FESTIVAL ADHERIDO A

Estrella Galicia @ recomenda o consumo responsable

OUTRAS MOVIDAS

SÁBADO 7
TEATRO AFUNDACIÓN
JAMES RHODES

O pianista británico é capaz de achegar a obra de grandes compositores clásicos ao público xeral cunha auténtica experiencia inclusiva interpretando acordes de **Beethoven** e **Brahms.** Recomendamos a autobiografía deste músico namorado de Galicia, *Instrumental* (2014), publicada por Rinoceronte Editora na tradución de **Eva Almazán.**

ÁS 20:00 // DESDE 12,00 €



Foto: Txema Rodríguez

Foto: Turismo Rías Baixas

SÁBADO 7 E DOMINGO 8
FESTA DA BRINCADEIRA
BOUZAS

Un mes máis tarde do habitual por mor das obras no paseo, Bouzas recupera a festa que celebra a expulsión do exército de Napoleón en 1809. Nesta vila mariñeira, que por aquel entón era un concello independente, preparouse a ofensiva popular para botar aos franceses que se fixeran co control da área viguesa. O epílogo da Reconquista.

TODO O DÍA // GRATIS

MARTES 17
O MERCADO DA ARTE
MERCADO DO CALVARIO

A obra artística de máis de 60 autores enche os bancais das peixeiras na sétima edición deste evento que reivindica que a literatura está tamén na expresión artística. A música corre a cargo de **Paolo Pascal** e de **Indy Tumbita & the Voodo Bandits. Aroa Bejón** pon os contos e **Pasito a Pasito** encárgase do xantar.

DAS 11:00 ÁS 21:00 H // GRATIS

MÉRCORES 18 A SÁBADO 21
XIX FESTIVAL DE CANS
CANS -O PORRIÑO-

O festival con máis *agroglamour* retoma as datas habituais. Preto de 200 curtametraxes foron presentadas a concurso e, na programación do evento, atopamos a estrea dos filmes sobre **EME DJ** e **Litus,** que estarán actuando en directo.

TODO O DÍA // DESDE 15,00 €

SÁBADO 28
LADILLA RUSA
AUDITORIO MAR DE VIGO

O dúo de *electro-pop* formado por **Tania Lozano** e **Víctor F. Clares** actúan no festival TerraCeo, que este mes trae á nosa cidade outros nomes: **Anny B. Sweet** (venres 6), **Digitalism DJ Set** (sábado 7), **Hens** (venres 13) e **Taburete** (sábado 14). Entre o ceo e a terra.

ÁS 20:30 H // 27,50 €

XOVES 2 A SÁBADO 4 DE XUÑO
PORTAMÉRICA
CARBALLEIRA DE CALDAS -CALDAS DE REIS-)

Lori Meyers, Muchachito Bombo Infierno, Fon Román, Rozalén, Baiuca, Andrés Suárez, Coque Malla, Xoel López, Mikel Erenxun ou **dani** son algúns dos moitos artistas que inaugurarán o mes que vén nunha nova edición deste festival de música, gastronomía e natureza.

TODO O DÍA // 64,56 € -ABONO-; 30,00 € -ENTRADA DIARIA-

FERIA DE
ARTE &
EN CAMELIAS CC CULTURA
5 DE MARZO - 25 JUNIO
DE LUNES A SÁBADO: EXPOSICIÓN DE ARTISTAS LOCALES SÁBADOS: TALLERES Y EVENTOS INFANTILES | CONCIERTOS EN DIRECTO | MERCADO DE ARTE
CONSULTA LA AGENDA
Camelias CENTRO COMERCIAL



MANUEL FORCADELA
Escritor

DE NOVELA

É sabido que a ficción literaria precisa cando menos de tres ingredientes: tempo, espazo e personaxes. Se comezamos acoutando cada un deles, podemos desenvolver facilmente unha historia que logo, acaso, mereza ser contada. Se non queremos complicarnos co tempo, podemos escoller calquera tempo que coñezamos, comezando polo presente, a época en que estamos inmersos, e, se non queremos complicarnos co espazo, o máis elemental é optar por aquel no que un reside, aquelas rúas, bares, xardíns, comercios e edificios que frecuentamos a diario, os que xa forman parte da nosa lembranza, que é tanto como dicir do noso imaxinario.

Álvaro Cunqueiro, un grandísimo escritor que residiu en Vigo no final da súa existencia, dicía que a imaxinación e a memoria eran irmás xemelgas e resulta habitual confundilas. E que, cando unha persoa cre estar a lembrar algo, descobre que, en realidade, aquilo que lembra non foi realmente como pensa, e que, pola contra, moitas veces cando imaxinamos, sen dármonos conta, botamos man do realmente acontecido, que vive na nosa memoria.



Freud, que algo sabía de todo isto, dicía que o importante non é o que soñamos, senón o que dicimos que soñamos. E **Proust**, nunha obra monumental, demostrou que a palabra xamais podería recuperar os tempos e os espazos vividos, por máis que un se detivese a rememorar con todo detalle os lugares, os días, os personaxes. De maneira que sempre asistimos a este paradoxo: dicir o que pasa é sempre diferente do que pasa. Idea que forma parte da modernidade, que asumiu desde o inicio iso que denominamos a quebra da alianza entre a linguaxe e o mundo.

Fronte a outros espazos que nos rodean, que mereceron no pasado a atención da ficción literaria —estou a pensar en Ourense, en Pontevedra, en Compostela, na Coruña—, Vigo tardou en gañar esa categoría, en parte pola propia historia da cidade, de crecemento excesivo e errático, compendio moi variado de intereses e persoas. E isto estivo sempre vinculado á existencia dun relato oral sobre Vigo. A propia memoria que a cidade foi deixando de si mesma nas historias do día a día, na consolidación de personaxes singulares.

Unha tarde de mediados dos oitenta, no café Tres Luces, xa desaparecido, **Ramiro Fonte**, escritor, **Carlos Blanco**, editor, e mais un servidor, tomamos a decisión de establecer os alicerces de Vigo como espazo ficcional, nunha colección de novela negra para Edicións do Cumio, unha maneira sutil mais definitiva de restaurar a dignidade desta urbe. E non foi máis que a faísca que acendeu un lume que segue ardendo.

LETRAS GALEGAS

17 de maio, dedicado a **Florencio Delgado Gurriarán**

#LetrasGalegas2022

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

Festexemos a cultura que nos une.

DELEITE LITERARIO

TENSI GESTEIRA

Xornalista e crítica literaria

#PuroDeleite



DESESTIGMATIZAR AS DOENZAS MENTAIS

A pandemia puxo en evidencia que a saúde mental debería ser máis importante que nunca, ao tempo que alertou das eivas dun sistema sanitario que presta unha atención nefasta. Diso se fala en *Non penses nun elefante rosa,* que nos conta a historia de Aurora, unha muller na trintena que ten unha vida aparentemente sinxela, pero que se enfronta aos seus pensamentos obsesivos froito do TOC que padece. Un día tópase con Brais, un neno de altas capacidades, co que manterá interesantes conversas e vivirá novas aventuras. Unha novela con moitísimo humor que busca facer visibles as doenzas mentais fóra dunha visión de estigma.

➜ **Título:** *Non penses nun elefante rosa* **Autora:** Antía Yáñez **Editorial:** Xerais **Extensión:** 418 páxinas

---



ABRINDO UNHA COLECCIÓN DE CIENCIA

A literatura galega aínda é un terreo ermo de ciencia ficción, por iso recibimos con especial ilusión *A soidade selénica,* o novo libro co que se inaugura a colección de ficción científica por parte de Galaxia. Nun rexistro diferente ao que nos ten acostumados, o autor mergúllase no universo do Mar de Aluminio, unha terra á que chega Loia con curiosidade e capacidade para amar, mais cun pasado tenebroso, que a levarán a coñecer uns xemelgos que descubrirán unha nova realidade para ela. Tomando como base o mundo que habitamos, esta obra dálle a volta para facernos soñar con outro futuro.

➜ **Título:** *A soidade selénica* **Autor:** Juan Parcero **Editorial:** Galaxia **Extensión:** 190 páxinas

---

OS VERSOS DA REPRESIÓN E DA LIBERDADE

«Resistir sempre é vencer». Este desexo pulula arredor dos poemas incluídos en *Proibido sentir. Escritos desde a máquina-prisom,* un libro que nos fala de cousas aparentemente contraditorias, pero no fondo moi relacionadas: o amor e o odio, a represión e a liberdade, a poesía e a vida. Esta obra lese co corazón na man e o autor consegue falarnos do esencial, dos sentimentos universais das nosas vidas, do que lle pasaba pola cabeza mentres estivo na prisión entre os anos 2013 e 2019. Estes versos son firme testemuña de que a literatura pode axudarnos a sobrevivir cando xa todo decae baixo os pés.

➜ **Título:** *Proibido sentir. Escritos desde a máquina-prisom* **Autor:** Adriám Mosqueira Paços (Senlheiro) **Editorial:** Urutau **Extensión:** 442 páxinas

a Movidiña

«Para viaxar lonxe, non hai mellor nave que un libro».
Emily Dickinson

LOURDES TOMÉ
Educadora infantil

LECTURAS PARA DARLLE Á LINGUA

A literatura é unha fonte inesgotable de coñecemento e sabedoría. A riqueza das verbas recollidas en libros e contos non ten parangón. Apostar por un bo libro é unha garantía de que o tempo dedicado á lectura estará ben investido. Velaquí catro propostas neste mes das Letras Galegas.

Se falamos de literatura infantil e vigueses, non nos podemos esquecer do veciño e poeta **Antonio García Teijeiro** e mais a antoloxía **BICOS E NON BALAS** (Galaxia, 2019), que acadou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017. Un libro con poemas, nas palabras do propio autor, sobre a «pedagoxía da paz». Ademais está ilustrado pola tamén viguesa **Bea Gregores**.

Por outra banda, cando xuntamos a literatura coa música aparecen obras como **BRINCA VAI!** (Kalandraka, 2014), escrito por **Paco Nogueiras** e ilustrado por **Marc Teager**. «Lese, escoitase e tamén se ve», di o autor. Con cancións que teñen como obxectivo divertir a toda a familia, son capaces de abordar todo tipo de estilos musicais, do *rock* ao *reggae*, con letras que pretenden educar en conceptos como a amizade, a igualdade, o respecto pola natureza e na querenza polas festas tradicionais galegas.

Eva Mejuto ofrécenos o conto de **DEZ GATIÑAS VIAXEIRAS** (Xerais, 2019) que percorren toda Galicia en plan mochileiro a través das ilustracións do vigués **Víctor Rivas**. Unha viaxe que leva esta decena de miquiñas a enclaves destacados ao longo e largo do país. Con base na tradición oral e un gran sentido do humor, temos aquí unha historia ben divertida e con moito ritmo.

O LADRÓN DE PARAUGAS (Galaxia, 2021), escrito por **Xosé Lueiro** e ilustrado por **Sara Valcárcel**, convida á reflexión sobre a fraternidade entre culturas, un tema que cobra moita importancia no tempo tan duro que nos tocou vivir. Este libro conta as peripecias de Fazulas, un gato que quere saber de que cor é o vento. En base a isto, abórdanse cuestións como a igualdade de xénero, os conflitos bélicos ou mesmo a situación de pobreza que viven nenos no terceiro mundo.

DIVERSIÓN A PÉ DO MIÑO

Foto: Concello de Salvaterra de Miño

A primavera préstase para que nos rolden polo caletre plans ao aire libre cos pequerrechos. Sen saírmos da provincia, hai moitísimas posibilidades para pasar as fin de semana en familia, como é o **PARQUE DA CANUDA,** situado no municipio de Salvaterra de Miño, na comarca do Condado.

Os 200.000 m² de extensión convérteno nada menos que no parque máis grande de Galicia, con parques infantís, paseos fluviais, pistas de bicicleta... e conecta con quilómetros de sendeiros que decorren ao longo dos ríos Miño, Tea e Mendo. Son salientables as grandes zonas con céspede, as árbores, os bancos... ou un lago con patos, cisnes e barcas de recreo. Un parque infantil xigantesco cunha morea de accesorios, como mesas de pin-pon ou taboleiros de xadrez e parchís integrados nas mesas. Chaman sempre a atención dos mais cativos os recintos de aves, con galiñas e impresionantes pavos reais; mamíferos domésticos como ovellas e porcos que conforman o pequeno zoo deste lugar. Tamén hai un horto con diferentes tipos de verduras, plantas aromáticas e medicinais, e mesmo un circuíto infantil de educación viaria.

As alternativas son moitas nas inmediacións do recinto. Pódese facer a ruta a pé, pero tamén a pedais grazas ao longuísimo carril bici ou facer deporte nas canchas de baloncesto, fútbol e tenis que o completan. Outra boa opción é dar unha volta no tren turístico, con saídas a cada hora e visita a Monção incluída, a un prezo moi accesible, tanto que para os menores de 7 anos é gratis. Pasaxeiros, ao tren!

Na axenda de amovida.gal podes consultar estes e outros eventos para pequerrechos en Vigo.

axenda

Foto: Jsavigon - Wikimedia Commons

MAIOS EN FAMILIA

Celebración da primavera e exaltación da natureza adornando elementos como carros, embarcacións e portas. O enfeite do rodado, vixente nos nosos días, recoñécese no adorno dos vehículos con xesta e outros elementos vexetais. Nesta actividade levarase a cabo a elaboración de maios, con cantos e danzas ao redor, no xardín que circunda o museo.

Data e hora: sábado 7, ás 10:00 // **Lugar:** Museo Liste // **Prezo:** 1,00 € // **Idade recomendada:** público familiar // **Duración:** 60 minutos.

VENDIMANDO VERSOS

Espectáculo de versos e crónicas ao redor da obra do autor homenaxeado este ano co gallo do Día das Letras Galegas, Florencio Delgado Gurriarán. Unha viaxe desde Valdeorras ata México. Unha historia de amor pola terra, a lingua, os costumes e a tradición.

Data e hora: venres 13, ás 18:00 // **Lugar:** Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** a partir dos 3 anos // **Duración:** 60 minutos // **Inscrición:** chamando ao teléfono 886 12 04 40 ou ao 886 12 04 45.

FLORENCIO NAS ONDAS

Unha homenaxe a **Delgado Gurriarán**, que contribuíu coa súa obra á dignificación de Galicia e á normalización da nosa lingua nunha época escura. Asistiremos á recreación dun antigo programa de radio *Florencio nas ondas* para descubrir unha vida de cine: metade fuxitivo, metade espía; nos EUA xa lle terían feito unha película. Todo empezou no paraíso máxico de Córgomo, parroquia de Vilamartín de Valdeorras, onde as montañas se saúdan.

Data e hora: sábado 14, ás 12:00 // **Lugar:** Biblioteca Pública Juan Compañel // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** a partir dos 4 anos // **Duración:** 45 minutos // **Inscrición:** chamando ao teléfono 886 12 04 40 ou ao 886 12 04 45.

TALLER DE MODA SOSTIBLE

Un obradoiro que pretende fomentar a creación de roupa divertida contribuíndo asemade ao coidado do planeta. Intercambiar, transformar ou personalizar as nosas pezas poden formar parte do proceso.

Data e hora: sábado 21, de 11:00 a 14:00 // **Lugar:** Centro Comercial Gran Vía // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** todos os públicos.

VI MIÚDO FEST

Os miúdos contan cun festival á súa medida baixo unha carpa con diversas actividades. A programación arranca ao mediodía cun obradoiro de percusión con materiais de reciclados impartido por **Matracalá.** Continúa co *Consertasso na horta* do músico **Brais das Hortas.** Tras a obrigada parada para o xantar o festival continúa ás cinco da tarde con *Plásticos fóra*, o contacontos musical de **Antón Ké.** Para rematar a festa, o ritmo e a baila molona de **Uxía Lambona.**

Data e hora: martes 17, a partir das 12:00 // **Lugar:** Sala Rebullón (Mos), palco exterior // **Prezo:** gratis ata completar prazas // **Idade recomendada:** todos os públicos.

II ARTIKLOWN: SÓ

Xampantito Pato achega un personaxe obsesivo, cuadriculado e meticuloso: un ser único na súa especie rodeado dunha chea de caixas descontroladas coas que xoga para formar un mundo particular. Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha loucura cómica e transformándose nun ser diferente cunha figura anovada.

Data e hora: sábado 28, ás 18:00; domingo 29, ás 12:00 e ás 18:00 // **Lugar:** Sala Ártika // **Prezo:** 8,00 € (anticipada), 10,00 € (billeteira) // **Idade recomendada:** a partir dos 5 anos // **Duración:** 50 minutos.

ERNESTO IS
Escritor

Fariña. O espectáculo teatral, Ainé Produción

«Galicia ten 1498 quilómetros de costa. 1498 quilómetros polos que entra de todo». *Fariña,* o espectáculo baseado no famoso libro sobre o narcotráfico galego do xornalista coruñés **Nacho Carretero,** fai unha nova «descarga» na cidade de Vigo. Catro anos de xira ininterrompida, máis de 200 funcións por toda a península e 50.000 espectadores son as credenciais da montaxe de Ainé Produción, dirixida por **Tito Asorey** e adaptada para a escena por **José Luis Prieto,** que xa é historia do teatro galego. Sen renunciar á orixe literaria e á popularidade da serie de televisión, a *Fariña* teatral consegue ir un paso máis alá para ofrecernos hora e media de diversión e emoción, na que o drama e a comedia aderézanse con números musicais executados por uns intérpretes en estado de graza: **Xosé A. Touriñán, Sergio Zearreta, César Goldi, Marta Lado, Graciela Carlos;** poñéndose na pel de numerosos personaxes —reais e ficticios— daquela Galicia dos oitenta, de fardos e bateas, na que a droga abriu unha terrible fenda na sociedade e nas familias. Se non queres perder esta historia sobre a nosa historia máis recente, achégate ao Teatro Afundación para desfrutar cun dos espectáculos máis emocionantes dos últimos tempos.

↓
Data e hora: sábado 14, ás 21:00 h; domingo 15, ás 20:00 h.
Lugar: Teatro Afundación (Policarpo Sanz, 13).
Entrada: desde 15,00 € anticipada (ataquilla.com).

ADENTROS

LAURINHA NAS BERZAS
comadrejassss
comadrejasss.tumblr.com

Universidade Vigo

CONCELLO DE VIGO

vigocultura

Maio

Bibliotecas

BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"

Coñece a biblioteca.
Horario de apertura da biblioteca (previa inscrición).

***A hora dos contos:* Día das Letras Galegas. Soledad Felloza.**
Venres 13, ás 18:00 h. Público infantil dende 3 anos (prazas limitadas, previa inscrición).

Club de lectura: Xoves 19 e venres 20, ás 19:00h.
Persoas socias do club.

Día de África. Concerto e danza
Xoves 26, ás 19,30h.
Público xeral (prazas limitadas ata completar aforo).

***Contos Dakí*: María da Pontragha.** Venres 27, ás 19:30 h.
Público adulto. (prazas limitadas, previa inscrición)

BIBLIOTECA PÚBLICA "JUAN COMPAÑEL"

Os sábados, conto.
A partir de 4 anos, ás 12.00 h. na sala infantil.

Sábado 7: ***Ōkami e os seres fantásticos.* Juste Kamishibai.**
Sábado 14: ***Florencio nas ondas.* Raquel Queizás.**
Sábado 21: ***Animais artistas e outras cousiñas.* Iván Davila.**
Sábado 28: ***Cantando os cantares.* Truque Matruque.**

A biblioteca dos pequenos.
De 0 a 3 anos, ás 18.00 h. na sala infantil.

Xoves 5: ***Sssshhhhh...! A dormir!.* Olga Cuervo.**
Xoves 19: ***O papaventos vermello.* Ramiro Neira.**

17 DE MAIO: DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022

Sábado 14: ***Florencio nas ondas.* Raquel Queizás.**

Cultura transoceánica: vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán. Exposición biobibliográfica do 16 de maio ao 18 de xuño.

***Que cante o merlo!*: Florencio Delgado Gurriarán.**
Exposición bibliográfica infantil do 2 ao 31 de maio.

XII CONCURSO DE BANDA DESEÑADA *BD Vigo.*

Prazo de entrega de orixinais: do 23 de abril ao 15 de maio.

Entrega de premios: Sábado 21, de 12:15 a 13.45 h.

LABORATORIO DE ARTE CONTEMPORÁNEA PARA LA INFANCIA
Venres 6, 13, 20 e 27, de 17:30 a 19.00 h.

CURSO: ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA +55.
Xoves 5, 12, 19 e 26, de 12:00 a 13:30 h.

OBRADOIRO DE BANDA DESEÑADA
Sábados 7, 14, 21 e 28, de 12:15 a 13:45 h.

CLUBES DE LECTURA

CASA GALEGA DA CULTURA

Bibliotecas e Arquivos da Fundación Penzol e Francisco Fernández del Riego. Servizos: consulta en sala; información; bibliográfica-arquivística e referencia; reprografía.

Cine, música e máis

ORQUESTRA VIGO 430
Domingo 1, ás 12:00 h. Isabel Rubio, directora.
Auditorio Municipal do Concello.

CINE CLUBE LUMIERE
Proxeccións os luns 2, 9, 16, 23 e 30, ás 20:30 h.
Auditorio Municipal do Concello.

VIGO, UN MAR DE BANDAS
Domingos 8, 15, 22 e 29, ás 12:30 h.
Praza da Princesa.

16º FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS-ACOPOVI
Domingo 15, ás 18:00 h.
Auditorio "Mar de Vigo".

16º FESTIVAL DE HABANERAS E POLIFONÍA
Domingos 22 e 29, ás 18:00 h.
Auditorio "Mar de Vigo".

ORQUESTRA BARROCA VIGO 430
Venres 27, ás 20:00 h. Lucie Horsch (frauta de pico).
Colexiata.

ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO: "CARMEN"
Venres 27, ás 20:30 h.
Teatro Afundación.

ALIANZA FRANCESA DE VIGO
Proxección en VOS o venres 27, ás 20:30 h.
Auditorio Municipal do Concello.

ViGO